




A MULLER, ¡QUE CALE!

Raíces do antifeminismo

Xosé Chao Rego



tresCires / COMBA / A muller



LIMIAR

María Xosé Agra Romero

Hoxe en día, malia os avances acadados, segue a ser certo o que subliñaba J. S. Mill de que, para moitos, as mulleres non son seres humanos iguais, como constatamos no día a día coa violencia contra as mulleres. Mill referíase, é obvio, ao seu tempo —s. XIX—, e foi un dos poucos homes en ter a valentía e a honradez intelectual de escribir, xunto con Harriett Taylor, sobre a subxección das mulleres. Os que coñecemos a traxectoria persoal e intelectual de Xosé Chao sabemos da súa ousadía e honradez intelectual á hora de enfrentarse a cuestións importantes que, polo xeral, acostuman ser incómodas ou mesmo ignoradas, tanto na sociedade como no pensamento cristián. É dicir, é un home do seu tempo, que problematiza o que se tiña por certo e implicado na busca daquilo que realmente nos humaniza. Dá boa conta diso, a estas alturas, a súa extensa e atinada obra escrita. Por iso é para mim un honor escribir estas palabras previas ao libro que agora temos nas mans, á nova entrega das súas reflexións centradas esta vez nas raíces do antifeminismo. Mesmo diría que é un «honor capital» se non fose porque nas páxinas do primeiro capítulo e baixo o epígrafe *Mellor, descabezada*, onde ao fío dos textos e interpretacións de Paulo de Tarso comeza a tarefa de desentrañar aquelas raíces, Chao nos lembra a simbólica da cabeza e o seu ceremonial, e nada máis lonxe de mim que querer facer destas páxinas unha ceremonia. Moitos anos xa de boa veciñanza, moitas conversas privadas, e non só a lectura dos seus libros, permitíronme saber do seu profundo interese e inquedanza pola igualdade das mulleres, interese e inquedanza que eu comporto, de aí que isto non sexa máis, nin menos, que un xeito algo diferente de continuar a nosa conversa.

Hai moito tempo que lle viña escoitando que tiña en mente escribir sobre as mulleres, e algúns dos froitos desta preocupación xa se manifestan no seu libro *O sexo, a muller e o crego* (2000). Sei das numerosas lecturas e do tempo que lle ten dedicado a isto, lecturas en boa parte de teóricas e teólogas feministas que, non obstante, o levaron a acutar o obxecto deste libro ás raíces do antifeminismo e a non escribir, como el mesmo nos di e facendo gala da prudencia que o caracteriza, sobre feminismo. Mais os e as lectoras poderán percibir nidiamente a súa pegada e, por que non dicilo, o compromiso de Chao co feminismo ou, o que vén sendo o mesmo, co esforzo por remover as bases das desigualdades e dasinxustizas que sufren as mulleres por seren mulleres, tendo moi en conta o que pensan as propias mulleres, recoñecéndolle a palabra, a cabeza, recoñecéndoas como iguais. Ora ben, eu mesma descoñecía a existencia do longo artigo publicado en *La Voz de Galicia* no ano 1972 titulado «Sin contar mujeres y niños», e que agora acertadamente reproduce aquí. A trinta anos visto non deixa de sorprender, máxime vindo dun home de fe, pola súa actualidade, polo seu coñecemento, entre outras, da obra de Simone de Beauvoir, polas referencias á situación das mulleres na igrexa. Xa que logo a teima da igualdade das mulleres, e mailo seu salientable compromiso con ela, vén de lonxe e *A muller, ¡que cale! Raíces do antifeminismo*, un dos seus resultados materializados.

Pescudar e amosar as raíces do antifeminismo é, despois de todo, unha tarefa fundamental. É problematizar, peneirar todo aquilo que

nos vén dado como algo natural e que xustifica a inferioridade, a secundariedade ou a exclusión das mulleres nos diferentes ámbitos públicos. É cuestionar os estereotipos, os tópicos, os lugares comúns e afacerse a pensar doutra maneira. Esta empresa non é dodata, séculos de tradición e de naturalización daquilo que é froito da construcción social e cultural pesan moito. A relixión e a familia foron e son dous elementos fulcrais na producción e reprodución do antifeminismo, ámbolos dous son obxecto do exame crítico do poder e da dominación masculina que leva a cabo Chao, da que, ao longo dos capítulos que compoñen este libro, imos descubrindo o seu tramado, a súa simbólica. A palabra, o corpo, o patriarcado, o feminino e o masculino, as figuras de mulleres: monxes, prostitutas analízanse desde esta óptica, e dan sentido á necesidade de reivindicar outra mirada sobre María de Magdala ou Míriam de Nazaré. Mais o que, ao meu xuízo, achega esta indagación sobre as enmarañadas e fondas raíces do antifeminismo é que nos permite coñecer mellor a nosa cultura e os nosos valores, as distintas interpretacións e tradicións, desde unha mirada que se interroga sobre o que conta como humano, que tenta axuntar o sermos seres corporais, encarnados e, tamén, espirituais, sen contrapoñelos ou xerarquizalos.

A distancia crítica respecto da tradición é un exercicio ineludible para comprendérmonos e para poder comprender e relacionarnos con outras tradicións e culturas, nun mundo cada vez máis multi e intercultural. A lectura deste libro fornécenos de boas ferramentas para

enfrontar os retos do presente. Relixión e familia, como dicía, formulan cuestións de gran importancia e están hoxe no centro do furacán. Preguntas como ¿que é unha familia? non son doidas de responder. O xurdimento de formas non tradicionais non só nos poñen de manifesto que a familia non é algo natural e ahistórico, senón que nos colocan ante unha realidade coa que hai que bregar, e pensar sobre cuestións como o matrimonio, a adopción, as parellas de gays e lesbianas, as familias monoparentais ou aquelas constituídas por pais e nais divorciados con fillos de diferentes matrimonios, e ao mesmo tempo ser respectuosos coas opcións relixiosas ou non, que sexa compatible coa dignidade, a liberdade e igualdade dos individuos. Dito doutro xeito, non se trata de abolir ou ser anti-familia —como nos din os conservadores cando falan da «crise da familia»—, senón de non privilexiar o modelo tradicional facéndoo pasar por natural. Así mesmo, a distancia crítica relativa aos nosos valores e tradicións faran os ser más cautelosos á hora de xulgar outras tradicións e culturas, reconhecendo tamén que non son monolíticas, escouitando outras voces que non son as que representan a liña oficial, rachando cos estereotipos, cos tópicos e, como non, tentando examinar as raíces que entroncan as mulleres, a familia e a relixión. A nova orde mundial, a crecente interculturalidade, a cada vez maior interdependencia física e económica, obrígannos a tomar en serio estas cuestións. De aí que *A muller ¡que cale! Raíces do antifeminismo* cobre especial relevancia. Non me resta máis que animar aos e as lectoras a adentrarse no libro e que descubran por eles mesmos o pouso, o trasfondo da reflexión de Chao que

se reflicte tanto no que di como na riqueza de suxestións que dela se tiran. Quixera rematar volvendo a aquel artigo de hai trinta anos no que dicía non sorprenderse ao oír unha nena dicir que prefería ser chico, o que a min me vén a cabeza e aquel cartaz do movemento feminista no que se vían un neno apoiado nunha parede cun tirachinas e unha nena pasando, o texto do cartel era «eu de maior quero ser muller». Chao non perdeu o tren, como el nos di, nin adiou o billete, hai polo menos trinta anos que emprendeu a viaxe que significa o feminismo, que non é só cousa de mulleres.

María Xosé Agra Romero
Profesora de Filosofía Moral e Política
Universidade de Santiago de Compostela